

MEMORIA XUSTIFICATIVA

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS E O CONCELLO DE OROSO PARA O FINANCIAMENTO DE ESTUDO PREVIO Á REVISIÓN DO PLAN XERAL DE ORDENACIÓN MUNICIPAL

1.- Competencia

A Xunta de Galicia, a través da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, ten atribuídas competencias específicas en materia de urbanismo que exerce a Dirección Xeral de Urbanismo, ao abeiro do disposto no artigo 13 do Decreto 142/2024, do 20 de maio (DOG núm. 101 do 27 de maio), polo que se establece a súa estrutura orgánica, entre as que se atopan, a tramitación administrativa dos instrumentos de planeamento urbanístico e o apoio técnico e económico e a colaboración coas entidades locais para a formulación e tramitación do planeamento urbanístico e a súa xestión e execución. Así mesmo, correspóndelle a asistencia e coordinación aos concellos en relación cos expedientes das subvencións que, en materia de planeamento, se tramiten na consellería.

Tamén asume unha labor de fomento para que os concellos teñan os documentos de planeamento municipal adaptados a lexislación vixente e ás características particulares previstas para o seu desenvolvemento urbanístico. Neste sentido, cabe salientar as ordes de axudas e convenios de colaboración coas entidades locais para formulación do planeamento urbanístico.

2.- Antecedentes

O Concello de Oroso conta na actualidade cun PXOM aprobado definitivamente o 16.02.2005 (DOG núm. 40 do 28.02.2005), ao abeiro da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (en adiante LOUGA), que tivo seis modificacións puntuais, e aprobados no seu desenvolvemento conta cun plan parcial e cun plan especial.

O día 9 de febreiro de 2026 tivo entrada nesta dirección xeral un escrito do concello solicitando á Xunta de Galicia colaboración para o financiamento do estudo previo para a revisión o PXOM.



O concello alega que precisa unha revisión do PXOM en vigor xa que:

- a definición gráfica do solo rústico (incluídos os solos urbanizables non delimitados) está obsoleta;
- precisa dun novo modelo urbanístico municipal;
- a poboación actual (7.770 habitantes segundo o INE 2025) case duplica a poboación existente no ano 1991 (3.779 habitantes segundo o IGE), sendo que aumentou máis dun 37 % dende o 2002 (5.648 habitantes segundo o INE, ano no que se iniciou a tramitación do PXOM actual) e máis dun 22 % dende o 2005 (6.345 habitantes segundo o INE);
- os solos urbanizables industriais precisan dun redimensionado ou revisión para facer viable o seu desenvolvemento;
- cómpre analizar a repercusión da afección do Camiño Inglés a Santiago na estrutura social e económica do Concello, delimitado no ano 2014; e
- precisa unha adaptación ao novo contexto legal.

O artigo 83 da LSG prevé a alteración do contido dos instrumentos de planeamento a través da súa revisión. A LSG entende por revisión a adopción de novos criterios respecto da estrutura xeral e orgánica do territorio ou da clasificación do solo, motivada pola elección dun modelo territorial distinto, pola aparición de circunstancias sobrevidas, de carácter demográfico ou económico, que incidan substancialmente sobre a ordenación ou polo esgotamento da súa capacidade.

O Concello de Oroso pretende realizar a revisión do PXOM para acadar os seguintes obxectivos:

- unha nova clasificación do solo;
- un estudo detallado da poboación e vivenda, revisando as propostas de desenvolvemento do PXOM vixente para establecer unha nova estratexia para dar resposta á necesidade de vivenda;
- unha análise do solo empresarial revisando a demanda de solo e a súa capacidade de acollida, coa previsión dunha terminal de carga do ferrocarril en Trasmonte – Oroso;
- a revisión do estado e contía das dotacións urbanísticas, co obxecto de acadar unha maior cobertura; e
- a revisión dos elementos do patrimonio cultural, coa incorporación da delimitación aprobada do Camiño Inglés.



Polo exposto, semella que a alteración pretendida encaixa na definición legal de revisión do planeamento, para o que o Concello de Oroso quere realizar un Estudo previo á revisión do PXOM.

3.- Finalidade

A actuación obxecto do acordo constitúe unha das principais liñas de acción da Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, no marco do urbanismo responsable que promove, e que busca potenciar os valores e recursos do medio rural e natural de Galicia para frear o seu despoboamento. Para estes efectos tense previsto formalizar co Concello de Oroso o instrumento convencional arriba referido cun período de vixencia dun ano desde a súa sinatura, sen prexuízo de que ambas as partes acorden unánimemente unha prórroga por un período máximo dun ano adicional en calquera momento antes da finalización do prazo de vixencia, en cumprimento das previsións recollidas no artigo 49. h) da Lei 40/2015

4.- Obxecto

O obxecto do Convenio é establecer as bases de colaboración e cooperación técnica e económica entre a Xunta de Galicia e o Concello de Oroso para o financiamento dun estudo previo á revisión do PXOM, cun orzamento total de dezoito mil cento trinta e sete euros con noventa céntimos (18.137,90 €),, IVE engadido, do que a Xunta asume o compromiso de financiar o 100% do seu custo.

5.- Fundamentos do instrumento convencional

Constitúen as razóns de oportunidade, que o Concello de Oroso poida realizar a revisión do PXOM, o que permitirá que conte cun marco urbanístico adaptado á normativa vixente, o que permitirá unha xestión racional do uso do solo do concello, a protección do seu patrimonio e medio ambiente, contribuirá a cohesión social e territorial, fomentando unha distribución máis equitativa de recursos e servizos, ofrecerá seguridade xurídica e un pulo ao desenvolvemento local.

Para a tramitación do convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela, na data da sinatura, a Directora Xeral de Urbanismo, María Encarnación Rivas Díaz

